

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA  
CELEBRADA O DÍA 24 DE ABRIL DE 2014**

<b>ASISTENTES</b>	
	<b>GRUPO POLÍTICO</b>
<b>ALCALDE:</b>	
D. José Ferverza Costas	PP
<b>CONCELLEIROS/AS:</b>	
D <sup>a</sup> . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D <sup>a</sup> . María Colomba López Freire	PP
D <sup>a</sup> . Rosa Solla Veiga	PP
D <sup>a</sup> . María del Carmen Maya Santomé	PP
D <sup>a</sup> . Raquel Carro Sequeiros	PP
D <sup>a</sup> . María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D <sup>a</sup> . María Martínez Nogueira	BNG
D <sup>a</sup> . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D <sup>a</sup> . María Libertad Cruz Couso	BNG
D <sup>a</sup> . Coral Ríos Santomé	BNG
D <sup>a</sup> . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D <sup>a</sup> . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
<b>SECRETARIO:</b>	
D. Adamantino Barreiro García	
<b>AUSENTES:</b>	

En Moaña, o 24 de abril de 2014, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen-se, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Dona María Libertad Cruz incorpórase no punto terceiro da orde do día.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2º.- Resolúcións da Alcaldía
- 3º.- Información sobre a *Mesa de Asesoramento aos afectados pola*

*emisión de obrigacións preferentes e subordinadas de Novagalicia Banco*

- 4º.- Aprobación definitiva da modificación do Regulamento de participación veciñal
- 5º.- Aprobación definitiva da ordenanza reguladora da actividade de furanchos no Concello de Moaña.
- 6º.- Comparecencia do concelleiro de Deportes
- 7º.- Moción do BNG solicitando o reasfaltado da rúa Ramón Cabanillas
- 8º.- Moción do BNG para solicitar a retirada do anteproxecto de Lei orgánica do poder xudicial.
- 9º.- Moción do PSdeG-PSOE para rexeitar a supresión dos partidos xudiciais e dos xulgados de paz
- 10º.- Moción contra a aplicación do 21% do IVE aos servizos de perruquerías
- 11º.- Rogos e preguntas

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

O Sr. presidente dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 27 de marzo de 2014, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezaseis membros presentes dun total de dezasete que compoñen a Corporación, a acta correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 27 de marzo de 2014.

### **2º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía comprendidas entre a número 108/2014, do 25/03/2014, e a número 144/2014, da data 23/04/2014.

O Pleno da Corporación dáse por informado.

### **3º.- INFORMACIÓN SOBRE A MESA DE ASESORAMENTO AOS AFECTADOS POLA EMISIÓN DE OBRIGACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS DE NOVAGALICIA BANCO**

➤ O Sr. Alcalde informa da reunión que se realiza o segundo mércores de cada mes, no que se encargou ao asesor xurídico a súa colaboración nas declaracións da Renda respecto ao troco das participacións preferentes. Quedan aínda unhas trinta persoas afectadas en Moaña. Nas próximas semanas pode haber novidades. Xa houbo unha reunión cos novos responsables do Banco. Esperamos que ao longo do mes de maio teñamos novidades.

➤ Intervén don Odilo Barreiro quen fai constar unha novidade, que o BNG levou a Madrid que cada estafado puidese recuperar os cartos integramente. No Parlamento galego foi aprobado por unanimidade de todos os grupos, pero en Madrid o PP botouno abaixo. Por iso estamos preocupados.

Incorpórase neste punto da orde do día dona María Libertad Cruz.

➤ O Sr. Alcalde sinala que debemos ser prudentes e esperar.

### **4º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

O asunto foi debatido na Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica realizada o día 22 de abril de 2014, na cal foi ditaminada desfavorablemente a dita alegación.

O Sr. Alcalde dá lectura á alegación presentada pola Asociación de Veciños O Porto-Domaio así como a súa proposta que literalmente di:

#### ***PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AS ALEGACIÓNS AO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL DO CONCELLO DE MOAÑA***

*1.- O Pleno da Corporación, na sesión da data 28/11/2013, aprobou inicialmente a modificación do Regulamento de participación veciñal do Concello de Moaña.*

*2.- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 26, da data 06/02/2014, publicouse o edicto relativo á exposición pública. O prazo para a presentación de reclamacións ou suxestións finalizou o 13/03/2014.*

*3.- Durante o dito prazo presentouse unha alegación, que procede informala.*

*4.- Coa data do 15 de abril de 2014, o secretario da Corporación emite informe sobre a dita alegación.*

*Por tal motivo, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Aceptar a alegación proposta pola Asociación de Veciños O Porto-Domaio non modificando o regulamento de participación veciñal no artigo 14.*

➤ Dona Marta Freire indica que lle asombra a proposta da Alcaldía e parécelle unha incongruencia, xa que vostede en novembro apoiou a modificación e agora non. Hai un ditame desfavorable na Comisión do PS de G-PSOE e BNG porque consideramos que é oportunista. Pide que lle explique o Sr. Alcalde por qué antes si apoiou e agora, catro meses despois, pide que non se modifique.

➤ O Sr. Alcalde sinala que cando se ditamina podemos pospoñer para o que se decida no Pleno. Non hai incongruencia, pídenos que non se faga, xa que non se falou con esa asociación e presentaron unha alegación e cada grupo político votará como considere. Non todos os colectivos están de acordo, e se é así, débese ter o consenso de todas as asociacións, e entre todos sacar adiante a modificación. Débese buscar o consenso.

➤ Dona Marta Freire sinala que a primeira moción é a da Chamusca. Non din que todos están de acordo. Vostede di que cada asociación presente a súa alegación. E segundo lle pida, vostede cambiará o

criterio.

➤ O Sr. Alcalde sinala que o regulamento debe ter o maior consenso de todos os colectivos e debe haber o maior consenso de todos. Débese consensuar con todas as asociacións.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinala que en novembro abstívose e o razoamos. Pero tras cinco meses todos se dan conta de que tiñamos razón. Vostede dixo que era transparente e explicaba todo aos veciños e votaba a favor de explicar o que facía en todas as súas xestións. Nos sabiamos os seus compromisos e promesas. Agora tras cinco meses, vostedes cambian. E di que é o que me piden todos os veciños agora. Temos un Alcalde que non ten palabra, di unha cousa e cambia. Todos sabemos que a asociación de Dolores non representa a Chamusca, e tampouco consultouse a Asociación da Cruz da Maceira. Esas asociacións en tres anos non as recordo. O PP baséase en algo tan lixeiro para corrixir o que fixeron fai cinco meses. Non di que se equivocou, antes si tiña razón e viceversa. No ditame da Comisión realizada o martes, rexeitouse a alegación, e votamos xuntos o BNG e o PSOE, e vostedes dixeran que se pronunciarían no Pleno. Houbo unha alegación e agora din que non o queren. Debe ser a primeira asociación que non quere a participación. Di que non quere que compareza o Alcalde e en oito anos nunca me pediron iso. É un disparate. Imos votar en contra desta modificación e apoiamos a que saíu publicada no Boletín Oficial da Provincia.

➤ O Sr. Alcalde indica que se vostede se refire a Dolores eu me refiro a unha asociación. Ela representa a uns veciños e esa alegación trasladáronma varias asociacións, e pídennos consenso de todos os grupos políticos. Para min esta alegacións meréceme respecto e débese consensuar cos colectivos.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinala que se vostede consegue a maioría absoluta, vostede modificará o regulamento de participación veciñal, e é un dos poucos regulamentos de participación veciñal de Galicia, o de Moaña, que é unha marca do noso Concello. Aquí sempre houbo un goberno de progreso, non de dereitas. E vostede o modificará. Pero haino que respectar.

➤ Intervén unha veciña de entre o público, quen indica que se di que a nosa asociación non é legal e iso non é certo. Estame nomeando a min, Lola, e eu son a presidenta, e fixemos a alegación. Non compartimos coa Asociación de A Chamusca.

➤ Don Xosé Manuel Millán espera que Dolores Fernández Rodas, se é vostede, non se debe sentir ofendida.

➤ A veciña sinala que falo como Asociación do Porto de Domaio.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinala que para nós todas as asociacións merecen o mesmo respecto. Non digo o que non é. Eu teño respecto persoal por quen asina a alegación. Non polo que piden que é incongruente e ridículo. É a miña valoración. Parécelle unha posición rara, e a do PP é máis. Nós rexeitamos as dúas alegacións e apoiamos a modificación que se aprobou no Pleno de novembro.

➤ Un representante da Asociación A Chamusca indica que nós o apoiamos e xa o dixeran os grupos da oposición. Parécenos incongruente a postura do PP. Nós representamos a catorce asociacións, e non temos que consensuar con outras asociacións. As mocións non só as presentan asociacións veciñais, tamén poden facelo asociacións deportivas, culturais... Débese tratar no primeiro punto e non ao final do Pleno, que a xente se aburre a vaise. Outra razón é que non hai retraso no Pleno. É unha cuestión de trámite. Tamén queremos que se informe se certas mocións, como a do parque eólico, hai que volver a presentalas ou teñen efectos retroactivos.

➤ Pídenlle ao secretario que aclare a cuestión relativa ao efecto retroactivo. O Secretario considera que sería suficiente con presentar un escrito no cal se reclama a dita información para o Pleno.

➤ O Sr. Alcalde indícalle ao Sr. Millán que vostede tivo maioría absoluta durante oito anos, pero vostede non pode presumir de participación veciñal. Vostede pechou as portas do Concello. Nós non as

pechamos.

Sometido o asunto a votación, sobre a alegación presentada, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor, os do PP, e nove na contra, os do BNG e PS de G-PSOE, acorda:

Rexeitar a alegación presentada pola Asociación de Veciños O Porto-Domaio, rexistro de entrada número 1806, da data 13/03/2014.

Sometido a votación a aprobación definitiva da modificación do Regulamento de participación veciñal, segundo o texto aprobado inicialmente no Pleno da data 28/11/2013, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e oito votos en contra, os do PP, acorda:

Modificar o Regulamento de participación veciñal incorporando un engadido ao artigo 14 do seguinte teor:

**Das mocións presentadas ao abeiro deste artigo e que fosen aprobadas, especialmente aquelas que acaden a votación unánime, darase información detallada do seu cumprimento ou estado da xestión correspondente en todos e cada un dos plenos ordinarios, introducindo para o efecto un punto fixo, despois da lectura e votación da acta anterior.**

#### **5º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS NO CONCELLO DE MOAÑA**

O asunto foi debatido e ditaminado na Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica realizada o día 22 de abril de 2014.

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta que literalmente di:

#### ***PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AS ALEGACIÓNS Á ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS NO CONCELLO DE MOAÑA***

*1.- O Pleno da Corporación, na sesión da data 28/11/2013, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora da actividade de furanchos no Concello de Moaña.*

*2.- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 16, da data 24/01/2014, publicouse o edicto relativo á exposición pública. O prazo para a presentación de reclamacións ou suxestións finalizou o 28/02/2014.*

*3.- Durante o dito prazo presentáronse diversas alegacións, sobre as cales procede emitir informe.*

*4.- Coa data do 15 de abril de 2014, o secretario da Corporación emite informe sobre as ditas alegacións.*

*Respecto á alegación número 2, proponse varias modificacións nos artigos 5, 14 e 16.*

*Rexéitase a alegación número 3 ao modificarse o horario dos furanchos no artigo 14.*

*Por tal motivo, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Engadir no artigo 5 da ordenanza o seguinte texto:*

*e) Determinar o número de litros que se poñen en venda.*

#### ***Artigo 14. HORARIO DE APERTURA DOS FURANCHOS***

*O horario de apertura dos furanchos establecerase de luns a domingo de 12.00 a 14.00 horas e de 19.00 a 23.30 horas.*

***Artigo 16.***  
***(engádese)***

*O Concello precintará os barrís de viño sobrance declarado antes da apertura do furancho.*

- Intervén dona María del Carmen Maya, quen indica que tivemos reunións hoxe, e dá as grazas a todos para poder chegar a un consenso e poidan convivir os furancheiros e os hostaleiros. Houbo acordo tras reunións e pide desculpas á oposición por non presentar antes a proposta, xa que se chegou a acordo o día de hoxe, espera que vaia para adiante.
- Don Xosé Manuel Millán pide que se lles pregunte aos alegantes e que tomen a palabra.
- Toma a palabra un veciño en representación dos furancheiros, e indica que eles dan as grazas por este novo acordo e tende unha man a hostalaría e desexa que se cumpra o decreto e a nova ordenanza. Pide que o Concello vixíe e quen saia do cumprimento do decreto e da ordenanza que sexa expedientado. Téndelles a man aos hostaleiros.
- Toma a palabra un veciño en representación dos hostaleiros quen indica que se debe cumprir coa legalidade. Indica tamén que hai furancheiros que poñen taberna se teñen moito viño. Entre todos debemos vixiar que non se superen os límites e, se o exceden, que poñan taberna.
- Outro veciño indica que na ordenanza fiscal poderíase introducir o que é excedente.
- Intervén o veciño que representa aos furancheiros e indica que o acordo é bo para todos. Sinala que están en desacordo cos furancheiros que fan de restaurantes e fan bautizos.
- Don Xosé Manuel Millán indica que escoitamos a furancheiros e hostaleiros e apoiámoslos así como a proposta da Alcaldía froito do consenso. Recorda que o BNG advertiu de que non se pode cobrar a taxa sobra a venda, non hai feito impositivo e, polo tanto, non se pode facer iso.
- Dona Marta Freire celebra o acordo acadado entre os furancheiros e os hostaleiros e apóiao. Esta xestión feita en dous días púidose facer antes. Houbo desleixo por parte do equipo de goberno. Poderase cobrar por apertura do establecemento pero non por litros.
- O Sr. Alcalde indica que o importante é que se chegue a acordo e non teñamos conflito.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora da actividade de furanchos no concello de Moaña, incorporando integramente a proposta da Alcaldía, integrándoa no texto que se inclúe como anexo a este acordo.

## **ANEXO**

### **ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS NO CONCELLO DE MOAÑA**

#### **ARTIGO 1.- OBXECTO DA PRESENTE ORDENANZA**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulamentación dos establecementos denominados furanchos no Concello de Moaña, no marco do Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia (RFG) e da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia (LTG). A dita normativa será en todo caso de aplicación coas peculiaridades recollidas na presente ordenanza en relación ao ámbito territorial do Concello de Moaña.

#### **ARTIGO 2.- DEFINICIÓN DE FURANCHOS E DOS/AS SEUS/SÚAS TITULARES**

Teñen a consideración de furanchos os locais utilizados principalmente como vivenda privada onde os/as seus/súas propietarios/as venden o excedente do viño da colleita propia xunto coas tapas que, de acordo co previsto no presente ordenanza, lles sirvan de acompañamento. O dito excedente será, como máximo, o que se obteña de aplicar á superficie da súa viña un rendemento máximo de 0,65 litros por metro cadrado.

Para os efectos da presente ordenanza serán titulares dos furanchos aquelas persoas que acrediten a titularidade de viñas propias no Rexistro Vitícola de Galicia, segundo o disposto no artigo 5 do RFG.

### ARTIGO 3.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente ordenanza municipal regula a actividade das casas ou dependencias vinculadas a elas que teñan a consideración de furancho de acordo ao artigo 2 da presente ordenanza, que só poderán exercer a súa actividade conforme ao establecido nesta única e exclusivamente, dentro das zonas do termo municipal que se sinalan no artigo seguinte.

### ARTIGO 4.- DELIMITACIÓN DAS ZONAS PARA EXERCER A ACTIVIDADE DOS FURANCHOS

As zonas do termo municipal de Moaña nas que se poden autorizar os furanchos son as seguintes:

- todo o termo municipal de Moaña

### ARTIGO 5.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR ANTES DO INICIO DA ACTIVIDADE

Os/as colleiteiros/as que pretendan desenvolver a actividade de furanchos, cunha antelación mínima dun mes con respecto ao inicio da actividade, deberán presentar no Concello unha declaración responsable, consonte co modelo recollido no anexo I da presente ordenanza, acompañada da documentación á que se refire o artigo 5.3 do RFG e, asemade:

- a) indicación da temporada de funcionamento, máximo 3 meses (entre o 1 de decembro e o 30 xuño ou 31 de xullo). Este último, en casos excepcionais terá que acreditarlo motivadamente o/a solicitante.
- b) Acreditación de ter realizado o pagamento da taxa correspondente, de acordo coa ordenanza fiscal de aplicación.
- c) Acreditación do seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade do furancho durante a temporada de funcionamento.
- d) Indicación das tapas (máximo 5) que se pretenden ofertar no furancho, de entre as previstas no artigo 6 da presente ordenanza.
- e) Determinar o número de litros que se poñen en venda.

A declaración responsable terá os efectos e alcance previstos no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou normativa vixente na materia.

### ARTIGO 6.- TAPAS QUE PODEN OFERTAR OS FURANCHOS

Nos furanchos poderanse ofertar exclusivamente ata un máximo de cinco tapas de entre as seguintes:

- táboa de embutidos e queixos
- pementos variados de Padrón
- (\*) orella - chourizo
- (\*) zorza - raxo
- costela
- ovos fritos
- sardiñas ou xurelos á grella
- (\*) callos con garavanzos ou feixóns
- (\*) tortilla de patacas
- (\*) empanada - empanadillas

### ARTIGO 7.- DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Conforme o establecido no artigo 5 da presente ordenanza, os e as titulares dos furanchos deberán contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que deberá recoller o seguinte contido:

- a) Deberá cubrir os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade que cubra a contía mínima de 90.000 euros.
- b) No suposto de que a póliza inclúa franquías, o límite máximo destas non poderá superar os 120 euros.
- c) As e os titulares dos establecementos están obrigados a manter en permanente vixencia a dita póliza.

### ARTIGO 8.- REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS

O Concello creará, dentro do Servizo de Urbanismo (Negociado de Aperturas), un Rexistro Municipal de Furanchos de Moaña, para a inscrición de oficio de todos os furanchos que desexen exercer a súa actividade dentro do termo municipal de Moaña.

O concello de Moaña trasladará o seu contido aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

Os datos mínimos do Rexistro Municipal de Furanchos serán os establecidos no anexo III da presente ordenanza.

#### ARTIGO 9.- APERTURA DE FURANCHOS EN PERÍODOS SUCESIVOS

Unha vez inscrito o furancho no Rexistro Municipal de Furanchos, e para anos sucesivos, as e os titulares deberán acreditar ante o Concello, cunha antelación mínima de quince días con respecto á data de inicio do funcionamento, ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola ante o órgano correspondente da consellería competente en materia de agricultura. Sen o cumprimento deste requisito non poderán reanudar a actividade no ano correspondente.

#### ARTIGO 10.- CAMBIO DE PERÍODO DE APERTURA DOS FURANCHOS

A persoa titular do furancho deberá comunicar por escrito o cambio do período de apertura anual de funcionamento do furancho, cunha antelación mínima de quince días con respecto á data de inicio do seu funcionamento, que deberá axustarse ao disposto no artigo 5.a) da presente ordenanza.

#### ARTIGO 11.- CAUSA DE PECHE ANTICIPADO

O esgotamento ou falta de colleita de viño nun ano será causa xustificada para o peche do establecemento, sen que supoña unha baixa da actividade. Non obstante, os e as titulares estarán obrigados a comunicar tal circunstancia ao Concello de Moaña, para a correspondente anotación rexistral do peche temporal, no prazo de quince días contados con anterioridade á data prevista para o peche.

#### ARTIGO 12.- REQUISITOS HIXIÉNICO-SANITARIOS

En todo caso, as persoas titulares dos furanchos deberán observar os requisitos hixiénico-sanitarios establecidos no capítulo III e nos capítulos V a XII do anexo II do Regulamento 852/2004, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, sempre que se cumpra que a actividade que leva a cabo o furancho se axusta ao indicado no capítulo III, así como os establecidos no Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, aplicándose esta normativa, tendo en conta as características singulares e especiais da actividade dos furanchos.

#### ARTIGO 13.- IDENTIFICACIÓN DOS FURANCHOS

Os furanchos exporán, nun lugar visible, unha placa identificativa, que se renovará anualmente, coa clasificación de furancho e exhibirán o ramallo de loureiro. A devandita placa deberá ser solicitada no Concello, ao inicio da actividade e devolta ao remate desta.

#### ARTIGO 14.- HORARIO DE APERTURA DOS FURANCHOS

O horario de apertura dos furanchos establecerase de luns a domingo de 12.00 a 14.00 horas e de 19.00 a 23.30 horas.

#### ARTIGO 15.- TRANSMISIÓN DOS FURANCHOS

O/a antigo/a titular do furancho e o/a novo/a titular deberán comunicar por escrito ao Concello o cambio de titularidade do furancho, consonte a documentación e modelo recollidos no artigo 13 do RFG e anexo II da presente ordenanza, quedando o/a novo/a titular suxeito a todas as obrigas que se deriven do exercicio da actividade.

No caso de facerse o cambio de titularidade antes do inicio da temporada de apertura do furancho, deberase comunicar cunha antelación mínima de quince días e se o cambio se efectúa durante o período de apertura do furancho, o/a novo/a titular só poderá desenvolver a actividade para esa temporada anual polo tempo que reste ata o remate do período de apertura que fora comunicado no seu día polo/a anterior titular.

#### ARTIGO 16.- CONTROL, VIXILANCIA E INSPECCIÓN DO CONCELLO

Presentada a documentación, o Concello de Moaña comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación e resolverá, no prazo máximo de seis meses, sobre a conformidade ou non do declarado e practicando a oportuna inscrición no Rexistro Municipal de Furanchos.

Á parte do anterior, o Concello resérvase a facultade de constatar en calquera momento a observancia e cumprimento das condicións necesarias para o desenvolvemento da actividade.

O Concello precintará os barrís de viño sobrante declarado antes da apertura do furancho.

#### ARTIGO 17.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

O incumprimento do preceptuado nesta ordenanza dará lugar á aplicación da normativa sancionadora vixente no ámbito das competencias sectoriais propias das administracións afectadas, de conformidade coas infraccións e sancións tipificadas na Lei de turismo de Galicia.

#### ARTIGO 18.- INTRUSIÓN PROFESIONAL

A realización ou a publicidade, por parte dos furanchos, da actividade propia das empresas de restauración reguladas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, en contravención dos requisitos que lles son esixibles para o seu inicio, terán a consideración de intrusión profesional e sancionaranse administrativamente consonte o establecido na citada lei.

#### ARTIGO 19.- SUXEITOS RESPONSABLES

1. serán responsables administrativamente das infraccións cometidas nas materias relacionadas co funcionamento dos furanchos as persoas que figuren como titulares destes.

2. No caso de que sexan varias as persoas titulares, responderán de forma solidaria das infraccións cometidas e das sancións que se impoñan ao respecto.

#### ARTIGO 20.- CONCORRENCIA DE SANCIÓN S E VINCULACIÓN S COA ORDE XURISDICIONAL PENAL

Non se poderán sancionar simultaneamente uns mesmos feitos constitutivos de infraccións penais e administrativas, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

Se da investigación dos feitos constitutivos das infraccións tipificadas nesta ordenanza se obteñen indicios de que estes poden constituír delito ou falta, suspenderase o procedemento e daráselle conta ao Ministerio fiscal, sen prexuízo da adopción das medidas provisionais oportunas.

#### ARTIGO 21.- INFRACCIÓNS LEVES

Considéranse infraccións administrativas de carácter leve as previstas no artigo 109 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) A modificación do período de apertura sen presentar unha nova solicitude ao Concello.
- b) A falta de comunicación ao Concello de Moaña nos supostos de transmisión e cambio de titularidade do furancho.
- c) A falta de comunicación ao Concello de Moaña de calquera cambio que afecte ao funcionamento do furancho, así como o cesamento da súa actividade, e a motivación dos ditos feitos.
- d) Non mostrar o distintivo oficial na entrada do furancho.
- e) Calquera incumprimento da normativa que non resulte cualificable como grave ou moi grave.

#### ARTIGO 22.- INFRACCIÓNS GRAVES

Considéranse infraccións administrativas de carácter grave as previstas no artigo 110 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) A venda de produtos alimenticios que non sexan os especificados na presente ordenanza ou xunto coa declaración responsable presentada pola persoa responsable.
- b) O exercicio da actividade fóra da temporada autorizada para cadanseu furancho do xeito previsto na presente ordenanza.
- c) O incumprimento dos requisitos esixidos no artigo 4 apartados d) ou e) do RFG, caso de que o dito incumprimento non sexa reiterado e non afecte gravemente á saúde pública.
- d) Non facilitar anualmente a declaración obrigatoria á que se refire o artigo 4 b) do RFG ou non ter regularizada a viña no Rexistro Vitícola de Galicia do xeito previsto no apartado c) do mesmo artigo.
- e) A subministración de viño embotellado.
- f) A non presentación da declaración responsable previa ao da documentación esixida no artigo 5 da presente ordenanza.
- g) A venda de viño non orixinario do excedente do consumo propio procedente exclusivamente das súas viñas.
- h) A comisión de tres faltas leves durante unha mesma temporada de funcionamento.

#### ARTIGO 23.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Considéranse infraccións administrativas de carácter moi grave as previstas no artigo 111 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:



- a) Incumprimento dos requisitos esixidos no artigo 4 apartados d) ou e) do RFG, reiterado ou que entrañe especial gravidade para a saúde pública.
- b) Desenvolver a actividade nunha zona non expresamente declarada apta polo Concello para exercela.

#### ARTIGO 24.- PRESCRICIÓNS DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

O réxime de prescrición de infraccións será o seguinte:

- As faltas leves prescribirán ao pasar un ano.
- As faltas graves prescribirán ao pasar dous anos.
- As faltas moi graves prescribirán aos tres anos.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos, e as leves, ao pasar un ano.

#### ARTIGO 25.- DO RÉXIME DE SANCIÓNS

Para a gradación das sancións, estarase ao previsto no artigo 116 da Lei de turismo de Galicia.

- a. infraccións leves: multas de 300 a 600 €
- b. infraccións graves: multas de 601 a 3.000 €
- c. infraccións moi graves: multas de 3.001 a 10.000 €

#### ARTIGO 26.- SANCIÓNS ACCESORIAS

Poderanse impor as seguintes, accesorias das sancións graves ou moi graves.

- Clausura do establecemento de ata 1 mes no caso de infraccións graves.
- Clausura definitiva do establecemento no caso de infraccións moi graves.

#### ARTIGO 27.- PROCEDIMENTO SANCIONADOR

A tramitación do procedemento sancionador axustarase aos principios e procedementos establecidos con carácter xeral na normativa reguladora do exercicio da potestade sancionadora.

#### ARTIGO 28.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA IMPOÑER AS SANCIÓNS

- Sancións por infraccións leves e graves: O Alcalde.
- Sancións por infraccións moi graves: O pleno do Concello.

#### ARTIGO 29.- DAS COMUNICACIÓNS

O Concello de Moaña comunicará, no exercicio dos seus labores de inspección, ás autoridades autonómicas nas materias competentes, os incumprimentos detectados na actividade dos furanchos.

Do mesmo xeito, no suposto de que o Concello de Moaña teña constancia da prestación nos furanchos de servizos de restauración sen estar clasificados nalgún dos grupos de empresas de restauración que recolle o artigo 77 da Lei 7/2011, de turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, porao en coñecemento, de xeito inmediato, do órgano competente en materia de turismo.

#### ANEXO I

<b>MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE</b>		
<b>Datos da persoa declarante:</b>		
<b>Nome:</b>		<b>Como titular:</b>
<b>Apelidos:</b>		<b>NIF/NIE:</b>
<b>Domicilio:</b>		<b>Localidade:</b>
<b>Código postal:</b>	<b>Provincia:</b>	<b>Concello:</b>
<b>Teléfono:</b>	<b>Fax:</b>	<b>Correo electrónico:</b>

**DECLARO**, baixo a miña responsabilidade:  
Que se cumpren os requisitos necesarios para exercer a actividade de furancho e que se manterán durante o desenvolvemento desta.

**Legislación aplicable:**  
Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Protección de datos:**  
Todos estes datos quedan protexidos ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, especialmente do artigo 10 (a persoa responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados/as ao segredo profesional no que se refire aos datos e ao deber de gardar, obrigas que subsistirán mesmo despois de finalizaren as súas relacións coa persoa titular do ficheiro ou, se é o caso, coa súa persoa responsable).

Sinatura:  
..... de ..... de 201....

**ANEXO II**

**MODELO DE COMUNICACIÓNS DE CAMBIOS, BAIAS DE ACTIVIDADE E TRANSMISIÓNS DA TITULARIDADE**

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

<b>Datos da persoa declarante:</b>		
<b>Nome:</b>	<b>Como titular:</b>	
<b>Apelidos:</b>	<b>NIF/NIE:</b>	
<b>Domicilio:</b>	<b>Localidade:</b>	
<b>Código postal:</b>	<b>Provincia:</b>	<b>Concello:</b>
<b>Teléfono:</b>	<b>Fax:</b>	<b>Correo electrónico:</b>

**EXPOÑO:**  
Que pretendo realizar as seguintes comunicacións:  
1. Solicitude de cambio de titular. Nome do/a novo/a titular .....

2. Solicitude de denominación de furancho: .....

3. Solicitude de baixa: o furancho cesa na súa actividade coa data: .....

4. Outras: .....

.....

.....

.....

Por todo o exposto, **SOLICITO** que se teñan por realizados os cambios.

**Legislación aplicable:**

Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Protección de datos:**

Todos estes datos quedan protexidos ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, especialmente do artigo 10 (a persoa responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional no que se refire aos datos e ao deber de gardar, obrigas que subsistirán mesmo despois de finalizaren as súas relacións coa persoa titular do ficheiro ou, se é o caso, coa súa persoa responsable).

Sinatura:

..... de ..... de .....

**ANEXO III**

## REGISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS

**Nome da persoa titular:****DNI:****Denominación do furancho:****Parroquia:****Domicilio no que se atopa o furancho:**

## DATOS DO REGISTRO VITÍCOLA DE GALICIA

- **Titular:**
- **Superficie viña:**
- **Litros de viño para vender:**

## DATOS DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

- **Compañía:**
- **Póliza número:**

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

- **Data da declaración:**
- **Tapas que se van ofertar:**
- **Datos do proxecto técnico:**
  - **Facultativo/a:**
  - **Data do proxecto:**

## PERÍODO DA APERTURA DO FURANCHO

**-Ano 2013:****Modificacións nos anos sucesivos:****OBSERVACIÓNS****1. Inspeccións realizadas:****Cumpre Decreto 215/2012, do 31 de outubro**

**Incumplimentos detectados:**

1. Expedientes sancionadores, se é o caso.
2. Acreditación de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola (artigo 4 b) do RFG).

**Data da declaración:**

## TRANSMISIÓN DO FURANCHO

- Novo/a titular:
- DNI:
- Data:

## CANCELACIÓN

- Causa:
- Data:

**6º.- COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE DEPORTES**

➤ Intervén don Xosé Manuel Millán que sinala que os concelleiros teñen que explicar as súas xestións, qué fixeron e qué van facer nas súas xestións. Pedimos a comparecencia do concelleiro da área de Deportes para que nos explique que é o que fai esa área e como se resolven eses problemas.

Consideramos que é a área peor xestionada nos últimos 3 anos: moitas fotos de prensa, polas actividades dos clubs e asociacións. No ano 2011, o PP fixo valoración negativa da área de Deportes nos oito anos anteriores. A veciñanza de Moaña xa valoran as diferenzas. Vostede prometeu a creación da cidade deportiva cun proxecto de novas instalacións, dar impulso a deportes en colaboración con asociacións deportivas, un organismo autónomo de Moaña, olimpíada municipal e escola deportiva de diminuídos e maiores. Gustaríanos saber cal deses cinco puntos se levou á práctica. Non hai cidade deportiva nin novas instalacións, teñen as mesmas máis deterioradas.

O PP cando chegou ao Goberno eliminou a sinatura dos convenios deportivos, só asinaron algúns convenios que o anterior goberno asinaba. Vostedes algúns convenios non os asinaron e ao careceren de orzamento desapareceron. Vostedes dixeron que non ían apoiar a Bandeira Mar de Moaña. O pago retrasouse. Convenio novo, ningún; novas actividades, ningunhas; colaboración cos deportes, ningunha. Só manteñen relación con algunha, coas demais, non. Vostedes fixeron desaparecer o organismo autónomo de Moaña de deportes, que contaba co apoio dalgunhas asociacións, e que vostedes puxeron no programa, pero nada. Vostedes, coa desculpa da crise, din que non se pode crear. A olimpíada municipal con todos os deportes practicados no concello non se puxo en marcha, nin a humilde olimpíada escolar, que se fai tarde, mal e a rastro. Fíxoa en dúas ocasións. A creación da escola deportiva para diminuídos e maiores, dígame qué iniciativa tomou para a práctica deportiva. Eses cinco puntos estrela do PP.

A realidade das instalacións deportivas dá pena. No ano 2011 tiñamos todo renovado (excepto o pavillón de Domaio), algúns eran modélicos (Reibón e O Rosal). Había tres conserxes mais un: xubiláronse dous e aplicouse a tesoura porque non se volveu facer contratación para atender eses pavillóns. En persoal de limpeza tamén se recortou e dáselles menos tempo. Así pasou no pavillón de Reibón que aínda non se resolveu. Iso pasa en todos os pavillóns. Non se gasta na conservación e no mantemento cando lles custou a todos 5 millóns de euros. É imposible que en décadas poida dispoñer de cartos para as instalacións e agora están a deteriorarse. Os colectivos e usuarios teñen que colaborar na limpeza. Voluntariado social do concello. A xoia da coroa é O Beque, que leva tres anos pechado deteriorándose; asombrouse cando foi valorado en 700.000€. Iso gastouse na súa construción e os obradoiros de emprego gastáronse aí. O Beque é un servizo a miles de veciños para o ocio e o deporte e centos de visitantes. Tiran con todo, iso fixérono en tres anos. Non meteron persoal. Pechouse o restaurante e pechouse O Beque, que apodreza, abandonáronse as instalacións, a piscina posiblemente xa non sirva. As pistas de tenis están deterioradas. Imos sacalo a concurso. Aprobouse fai tres meses e saíu no BOP e falta no DOG. Nin neste verán se resolverá este concurso, e quedará deserto por falla de concorrentes. Débese garantir que O Beque se abra, e se reciben cartos da Xunta, contraten e que non custe nin un euro ás arcas municipais. Non lle fan caso ao Goberno municipal e a vostede non lle deixan

nada. O persoal da Deputación e da Xunta podería ir para iso. Explíquenos o do Beque. E vostede dixo que se non se pode adxudicar O Beque, seguirá pechado. Vostede segue arruinando O Beque. Iso non o fixo o BNG, fíxoo a anterior concelleira do PP e hai unha placa ao entrar no Beque. Explíquen por qué lle teñen tanta manía ao Beque. Díganos se vai ter quen o limpe e se vai poñelo en funcionamento e se se restaurará O Beque. O PP repartiú chaves, agora ten chaves todo o mundo e os colectivos métese dentro á súa vontade. Iso é como se facía nos anos oitenta e noventa, como o facía o PP. Déronlle as chaves, iso non é serio. Os veciños e as veciñas deben recibir servizos e o Concello xestionar. A valoración é negativa. Diga qué fixeron vostedes e se O Beque vai funcionar xa, hai pavillóns que estiveron sen conserxe. Se vai mellorar a limpeza e o mantemento das instalacións. Díganos as iniciativas para mellorar as instalacións deportivas.

➤ Intevén don Jorge Santomé para dicirle que cando fuches concelleiro de deportes, fuches *cojonudo*. Antes había deportes que só organizaba o Concello, pero non polo Concello, eran as asociacións as que propoñían o deporte. No Beque, en oito anos non investiches nada. Non levantemos un muro, fixemos unha actuación na depuradora que estaba arruinada.

Dábasme un 0,5 de valoración, e o teu alumnado quérete de alcalde para perderte de vista. Só houbo un retraso no pagamento, nós retrasámonos un pouco pero pagamos. Os do ano, estámolos atendendo. Os tres pavillóns están saturados, Paralaia non lle faciades caso, agora hai balonmán. Tamén hai fútbol 7. A Moañesa tamén os utiliza, non se cobra porque non tiñades ordenanza. A fundación non é viable neste momento, pero agora de onde sacamos os cartos!, non hai traballo e non hai empresas dispostas. A olimpíada facíase a principio de curso e fíxose tarde porque así o queixo a ANPA. Tamén hai deporte escolar. Hai travesía a nado. O triatlón, o tiro a chave, agora hai unha asociación organizadora. Ciclismo. Houbo dous anos sen carreira de atletismo e tamén olimpíadas escolares abertas e xornadas sen pista. Os convenios que hai son os que tiñades vós, temos o orzamento prorrogado. Reibón, de luns a venres de 5.30 a 23.00 h. está ocupado: fútbol sala, patinaxe...

➤ Unha veciña sinala que é o primeiro traballo que ten, e hai merda por todo o concello. Estiven dous meses limpando.

➤ Prosegue don Jorge Santomé dicindo que os pavillóns foron renovados polo BNG e no Rosal e en Domaio chovía nesos pavillóns e tampouco fixestes baños para persoas discapacitadas. Con respecto aos conserxes, había prazas para amortizar. No Beque (interrómpeno e pídese que garden silencio) teño máis cousas, pero non vou falar a medias. No Beque vai haber olimpíadas de tenis escolar e vai haber máis cousas.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinalalle que os teus amigos e colaboradores que te apoian din que falas demasiado, pero gustárame que falases máis. Hai o que hai, non tedes nada que explicar do incumprimento do programa electoral. Non dis canto vas gastar en instalacións deportivas e non dis que vas facer no Beque nos vindeiros meses.

➤ Don Jorge Santomé indica que ten programadas varias actividades.

➤ Don Xosé Manuel Millán dille que non quero que me examines. Fixéronse menos actividades.

➤ Don Jorge Santomé contéstalle que é mentira, non te cre ninguén Millán.

➤ Don Xosé Manuel Millán indícalle que se suspenderon actividades por non ter cartos. No Samertolameu din que non lles facedes caso e nós arranxámoslle o problema. Levades tres anos e non facedes nada. Non me explicaches como vas poñer en funcionamento O Beque. En tres anos é unha tomadura de pelo o tema deportivo.

➤ Intervén dona Marta Freire quen sinala que comparte o que di o BNG da non xestión en materia deportiva, pistas de atletismo, mantemento das pistas de tenis, olimpíadas, cidade deportiva, no Rosal... Cando un promete, as palabras hai que tragalas. Os colectivos son os que fan o deporte en Moaña. Antes o Goberno puxo en marcha instalacións nos oito anos anteriores, co Plan E, por exemplo. O PSOE pregunta se ten alternativa para O Beque, se o vai poñer en marcha e como está a ordenanza de instalacións deportivas.

- Don Jorge Santome replícalles que dixeron o mesmo que dixo el. Das ordenanzas xa falei.

## **7º.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO O REASFALTADO DA RÚA RAMÓN CABANILLAS**

### **DEFENSA MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG SOLICITANDO O REASFALTADO DA RÚA RAMÓN CABANILLAS**

Dona María Martínez Nogueira, en nome do BNG, intervéñ para presentar hoxe unha moción ao Pleno para instar ao Goberno municipal a que de maneira urxente faga as xestións precisas para que se leve a cabo o reasfaltado da rúa Ramón Cabanillas, e esta adquira o aspecto que debe ter a vía máis transitada do noso concello.

Para calquera persoa de Moaña, incluso para alguén que vai de paso, camiño a outro lugar é evidente esta necesidade: os cortes, afundimentos e resaltes sucédense uns tras outros.

O estado actual da estrada lévanos a recordar como se atopaba este tramo da entón PO-551 no 2002, cando por iniciativa do BNG, daquela na oposición, se levaba ao Pleno unha moción na que se solicitaba as obras de reurbanización e a cesión ao Concello deste tramo.

No ano 2003, estando xa o BNG no Goberno municipal comezaron as obras a raíz dun convenio entre a Xunta e o Concello.

Conseguíronse moitas melloras como a recollida de augas e a separación de augas fecais e pluviais e deixáronse feitas as canalizacións e preinstalacións para que as empresas subministradoras puidesen no futuro utilizalas sen ter que facer cortes na estrada. Pero as obras alongáronse no tempo e a pesar de contar cun bo presuposto inicial este foise esgotando. A Xunta non calculou ben os custes e no tramo final, cando chegou o momento do asfaltado, este fíxose con baixo presuposto nun mes de chuvia, polo que o firme se foi cuarteando e afundíronse pronto nalgunhas zonas.

Cada ano que pasa o estado vai empeorando, sendo penoso actualmente, sumado a que Fenosa non quixo facer no seu momento a canalización para as posteriores instalacións e con moita frecuencia rompe e repara o firme á súa maneira, sen control por parte do actual Goberno.

Polo que lemos na prensa, o Goberno do Concello considera unha prioridade a construción de regos, pero no BNG cremos que o problema real, a verdadeira demanda dos veciños e veciñas é ter un pavimento en boas condicións.

Por isto, presentamos a seguinte moción:

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO O REASFALTADO DA RÚA RAMÓN CABANILLAS**

*A rúa Ramón Cabanillas, anteriormente tramo da PO-551 ao seu paso por Moaña, foi reurbanizada nos anos 2004-2005, a raíz dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Moaña, para a súa posterior cesión ao Concello.*

*As obras de reurbanización, que no seu momento provocaron diversas protestas veciñais, executáronse con serias deficiencias, sobre todo na súa fase final de reposición de firmes.*

*Como consecuencia desa execución deficiente e das posteriores intervencións das empresas subministradoras, en especial de Unión-Fenosa, na actualidade a rúa presenta un aspecto lamentable: zonas deterioradas a causa da mala drenaxe das augas subterráneas, outras polos parches realizados sobre o asfalto con absoluto descontrol por parte do goberno municipal, cortes transversais e lonxitudinais mal repostos polas concesionarias de servizos, etc.*

*O aspecto actual da rúa a día de hoxe diferénciase xa pouco do que tiña no ano 2002, cando unanimemente esixiamos a súa reurbanización e transferencia ao Concello, sendo como é o principal vial de tránsito por Moaña e a imaxe do concello que moitos visitantes levan de nós.*

*En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:*

*Instar ao goberno municipal a execución inmediata do reasfaltado da rúa Ramón Cabanillas, reclamando se fose necesario, a axuda económica da Deputación e da Xunta de Galicia.*

➤ Intervén dona Susana Varela quen está de acordo en que é unha vía principal e o firme está mal desde hai anos e acumula obras de moitas empresas, hai outras vías tamén estragadas. Ás persoas usuarias desta vía gustaríalles que se arranxase. A situación económica do Concello non o permite polo que habería que pedirlle a Deputación axuda económica. A reparación dos buratos meteuse no plan da Deputación e pedirase reasfaltar esta vía, hai volta ciclista, pero sobre todo pola veciñanza pedirase. Se

non reclamasen a cesión desta vía, hoxe o Concello non tería que arranxala. Queremos que se modifique a proposta para instar a Xunta e Deputación para que se arranxe a vía.

➤ Dona María Martínez Nogueira sinalalle que necesitan a intervención do Goberno municipal para que o soliciten. Non sabe do que fala sobre a transferencia.

➤ Dona Susana Varela indícalle que o din na moción, vostedes solicitaron a transmisión e sería un problema menos para o Concello e aforrariamos as veciñas e os veciños de Moaña.

➤ Dona Marta Freire apoia a moción, é unha vía das máis usadas. Outra administración diferente ao Concello teñen outras vías en Moaña e non as arranxan. Propón que o Goberno municipal xestione que non a teña que arranxar o Concello, que se xestione coa Deputación e coa Xunta de Galicia se fose necesario.

➤ Dona María Martínez Nogueira indícalles que xestionen para arranxala, se non nós dentro dun ano, farémolo.

Sometida a proposta a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor, os do PS de G-PSOE e BNG, e oito abstencións, as do PP, acorda:

ÚNICO. Instar o Goberno municipal a execución inmediata do reasfaltado da rúa Ramón Cabanillas, reclamando, se fose necesario, a axuda económica da Deputación e da Xunta de Galicia.

#### **8º.- MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL**

#### **9º.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE PARA REXEITAR A SUPRESIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS E DOS XULGADOS DE PAZ**

Por ser do mesmo contido debátense conxuntamente ambos puntos.

#### **MOCIÓN SOBRE A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DA LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL**

Don Odilo Barreiro Martínez di que a presentación desta moción ante o pleno responde a un novo ataque perpetrado dende o Goberno do Estado contra outro dos dereitos fundamentais que como cidadáns e cidadás nos corresponde. Unha mostra máis de cómo o goberno do PP transforma a maioría absoluta que dispón no parlamento español para exercer a súa tiranía contra os dereitos cidadáns: xa non se limitan a roubarnos o dereito a un ensino obrigatorio e gratuíto, senón que agora pretenden reducir o noso dereito a obter o acceso universal á xustiza e a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos nosos dereitos e intereses lexítimos tal como recolle o artigo 24 da propia Constitución española. Un proceso xa iniciado co sistema de taxas xudiciais regresivas.

E dicimos isto porque nos atopamos ante un anteproxecto de lei de reforma do poder xudicial que reforza o proceso recentralizador iniciado nesta lexislatura. Lexíslase dende Madrid e para España, sen ter en conta a diversidade territorial do Estado, uniformando a planta xudicial e reestruturando os órganos xudiciais dun xeito que pon en cuestión o servizo de xustiza de proximidade á cidadanía. Este desatino provocará que os galegos e galegas, e polo tanto os moañeses e moañesas, teñan cada vez máis difícil acceder ao servizo de xustiza.

Estamos ante un deseño tan absurdo que se basea nun modelo decimonónico provincial. É dicir pretenden coller todos os partidos xudiciais de ámbito inferior e centralalos en tribunais de instancia provincial. De tal xeito que desaparecerían todos os xulgados de paz e xulgados de partidos xudiciais para deixalos só en Pontevedra, Lugo, Ourense e A Coruña. Para que se entenda ben, de ir adiante o anteproxecto, cidades do tamaño e as características de Vigo, Ferrol ou Compostela veríanse privadas de contar cun partido xudicial. E xa que dicir de sedes coma Cangas e outras cabeceiras de comarca.

Ante isto nós preguntámonos: ¿Pero non se dan conta de que a distribución provincial xa non se corresponde coa evolución demográfica do país? Se observamos a distribución de poboación na Galiza

podemos comprobar como a poboación se concentra nun alto grao nas comarcas costeiras. Comarcas que polo seu número de habitantes deberían contar con partido xudicial. Ou tampouco se contempla o carácter disperso do noso país. A mensaxe está clara: NON PROTESTES, NON DENUNCIES, NIN SE CHE OCORRA ACUDIR Á XUSTIZA.

Estamos ademais ante un anteproxecto de lei que é reprobado pola maioría dos e das profesionais do ámbito da xustiza. Eles mesmos coinciden en que, lonxe de proceder a deseñar unha actualización das demarcacións xudiciais para adaptalas ás mudanzas demográficas, o que fai é reducilas a unha única na capital da provincia.

En definitiva que temos ante esta nova idea luminosa do Sr. Gallardón:

- \* unha xustiza máis cara.

- \* unha xustiza menos accesíbel.

- \* unha xustiza que obrigará á cidadanía a continuos traslados á capital da provincia coas consecuentes perdas de tempo e desembolsos económicos.

Por todo isto o BNG trae esta moción ao Pleno porque entende que os moañeses e moañesas, como cidadáns e cidadás afectados, debemos manifestar o noso absoluto rexeitamento á reforma presentada e esixir:

**\*Do Goberno do Estado: a retirada inmediata do anteproxecto de lei e a transferencia a Galiza da competencia exclusiva da demarcación e organización xudicial.**

**\* Do Goberno Galego: a oposición á implantación dos tribunais de instancia provinciais e á consecuente eliminación dos partidos xudiciais nas vilas, o inicio dos trámites para solicitar as competencias que nesta materia lle outorga o artigo 20.2 de Estatuto de Autonomía de Galiza**

#### **ARTIGO 20**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma:

1. Exercer tódalas facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ó Goberno do Estado.
2. Fixar a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais en Galicia, tendo en conta, entre outros criterios, os límites dos tradicionais partidos xudiciais e as características xeográficas e de poboación.

Pero para iso hai que crer no país e nos galegos e galegas, e o noso presidente está máis preocupado por facer puntos para acadar un posto de responsabilidade en Madrid que en defender os dereitos que nos corresponden. Hai que ser máis español que ninguén, así que nada de nada de reclamar competencias ao Estado.

**Por último, a creación dun grupo plural de traballo que defina un modelo xudicial flexíbel, baseado en criterios de funcionalidade e non orgánicos.**

Por iso, dende o BNG propomos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo que paso a ler textualmente:

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL**

*O Anteproxecto de lei de reforma do poder xudicial que vén de ser difundido polo Goberno central reforza o proceso recentralizador emprendido polo Partido Popular, ao apostar por unha reestruturación dos órganos xudiciais que non ten en conta a diversa realidade territorial, senón que se inspira nunha uniformización da planta xudicial que irá en detrimento dun servizo de xustiza de proximidade á cidadanía. O sistema proposto decántase por un modelo provincial, que faría desaparecer todos os partidos xudiciais de ámbito inferior para centralos en tribunais de instancia provinciais. Así, en liña coa reforma da administración local, o Goberno do Estado español empéñase en reforzar as provincias, cando se trata dunha realidade territorial superada polos cambios demográficos e institucionais nas últimas décadas, para alén de ser un marco territorial e competencial alleo á realidade social e territorial da Galiza.*

*Esta concepción centralista do anteproxecto de lei pon de manifesto, máis unha vez máis, que a capacidade e competencia para deseñar o marco territorial da xustiza na Galiza debера ser transferida ao Goberno galego para poder realizar un deseño adaptado á realidade social, demográfica e territorial da nosa nación. No caso da Galiza podería realizarse consonte o disposto no artigo 20.2º do EAG, tendo en conta, ademais, que a dotación dos medios humanos e materiais para o funcionamento dos órganos*



xudiciais se afronta cos orzamentos da administración galega.

Este anteproxecto de lei xerou alarma entre os/as profesionais do ámbito da xustiza, alcaldías, e na cidadanía en xeral porque o Goberno, lonxe de proceder a deseñar unha actualización das demarcacións xudiciais, para adaptalas ás mudanzas demográficas, o que fai é reducilas a unha única na capital de provincia. De aplicarse unha reforma nesta liña as consecuencias serían moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecemento e inaccesibilidade a un servizo público básico. Lonxe de rectificar, o Goberno español pretende afondar en impedir aínda máis o acceso á xustiza, un proceso que comezou coa implantación de taxas xudiciais regresivas.

De ir adiante esta proposta, cidades do tamaño e as características de Vigo, Ferrol ou Santiago de Compostela, así como concellos de dimensións relevantes que son cabeceiras de comarca veríanse privadas de contar cun partido xudicial, o que provocaría un auténtico caos e empeoraría o servizo á cidadanía. A xustiza encareceríase, sería menos accesíbel, e obrigará a cidadanía a continuos traslados a capitais de provincia coas consecuentes perdas de tempo, desembolsos económicos e demais trastornos.

O BNG é contrario a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza de Galicia cando é evidente que o camiño non é o da redución de xulgados. De feito, no territorio galego precisaríanse máis xulgados, mesmo unha revisión de demarcación da planta xudicial que teña en conta os cambios demográficos habidos nas últimas décadas para que, se implanten sobre todo novos xulgados en cidades e vilas que experimentaron aumentos poboacionais significativos, e para se reforcen alí onde se detectaren deficiencias. Ao mesmo tempo, este anteproxecto tampouco resolve as disfuncións do actual sistema xudicial e a súa falta de adecuación á nova tipoloxía dos litixios.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte ACORDO

1. Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle:

- a) A retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros que inclúe unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.
- b) O impulso dunha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e os municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.

2. Dirixirse ao Goberno Galego a fin de reclamarlle:

- a) Que manifeste a súa rotunda oposición á implantación dos tribunais de instancia provinciais, á supresión dos partidos xudiciais nas vilas que son cabeceiras de comarca e que demande do Goberno do Estado español a súa retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial.
- b) Que inicie os trámites para a solicitude, consonte o disposto no artigo 20.2 do EAG, das competencias para demarcación e organización xudicial na Galiza.
- c) Que se cree un grupo de traballo para a definición dun modelo adecuado ás particularidades sociais, territoriais e demográficas da Galiza que conte con representación dos grupos parlamentares, dos concellos, das organizacións representativas de todos os operadores xudiciais que sirva como base para a negociación co Goberno do Estado español e que, cando menos, teña en conta os seguintes criterios: o respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía, todo iso con base nun modelo xudicial flexíbel, con criterios de funcionalidade e non orgánicos.

Moaña, 21 de abril de 2014.

➤ Intervén dona Marta Freire para rexeitar a supresión dos xulgados de paz. A Gallardón non lle chegou coa lei de taxas. Atácase coa supresión de partidos xudiciais e xulgados de paz. Teremos que ir a Pontevedra a facer trámites: matrimonios, defuncións, nacementos pasarán a mans de rexistradores. O Alcalde leva un ano calado. Nós propuxemos en maio de 2013 realizar actuacións, e que se fixesen cousas para evitar a privatización do rexistro civil. E vostede non se pronunciou. Vostede di que vai esperar a ver que pasa.

Por iso, propomos esta moción para que vostede como Alcalde se molle. Moitos cidadáns e cidadás deixarán de facer trámites. Apostemos por unha xustiza de proximidade.

A continuación, le a seguinte proposta ante o Pleno:

### **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE MOAÑA PARA REXEITAR A SUPRESIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS E OS XUZGADOS DE PAZ.**

*De acordo co previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Goberno acaba de anunciar a Proposta da "Ley de Demarcación y Planta Judicial" que entre outras cuestións supón a supresión dos Partidos Xudiciais para concentrar os xuíces nas capitais provinciais creando Tribunais de Instancia, e a eliminación dos Xulgados de Paz.*

*En Galicia esa medida suporá a desaparición de 41 partidos xudiciais, entre os que se encontra o que da servizo diario aos moañeses, así como unha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos derivados.*

*Esta medida centralizadora forma parte dunha política xudicial fondamente lesiva para os cidadáns. Os cidadáns da nosa comarca e o resto da provincia terán que acudir á capital da provincia, Pontevedra, para a celebración de xuízos ou para a realización da maioría de trámites xudiciais. Así mesmo, a supresión dos Xulgados de Paz supón a eliminación dun elemento conciliador en moitos municipios galegos.*

*A unha cidadanía espallada no territorio, debe corresponder unha planta de servizos públicos que facilite o achegamento e aposte pola proximidade. A distribución dos actuais partidos xudiciais non só da resposta á litixiosidade senón tamén á proximidade.*

*O PP, dende que accedeu ao Goberno do Estado, paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, paralizou a posta en funcionamento da nova oficina xudicial, así como a creación de prazas. Se todo isto non fora suficiente, promulgou unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recursos.*

*Agora, o PP, volve apostar por unha nova medida contra a cidadanía propoñendo a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia, o que implicará un aumento dos custes por desprazamento.*

*En consecuencia, o Grupo Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Rexeitar calquera medida de agrupación que supoña un prexuízo para os veciños de Moaña e a súa comarca, e que conleve a un afastamento dos servizos públicos que se prestan aos cidadáns.*

*2º.- Instar ao Goberno de España á retirada do texto proposto da "ley de demarcación y Planta Judicial" e ao mantemento da actual distribución dos partidos xudiciais.*

*3º.- Instar ao Goberno do Estado ao mantemento dos Xulgados de Paz dos municipios, recoñecendo a súa contribución á paz social e a boa convivencia veciñal.*

*4º.- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Xustiza, grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial.*

*Moaña, 19 de abril 2014. Voceira do Grupo Municipal Socialista.*

➤ Intervén dona Rosa Solla Veiga para sinalar que non nos podemos permitir o luxo de perder o xulgado de paz e tamén queremos o xulgado de Cangas. É unha iniciativa que comezou co goberno

anterior e non co PP. Queremos que se pidan informes da Xunta e o que se quere é que as sete cidades galegas teñan tribunais de primeira instancia. Dotan as sedes xudiciais actuais. Pola nosa orografía, estamos de acordo en que se manteñan estes servizos.

➤ Don Odilo Barreiro Martínez indícalle que se a idea foi do goberno anterior, vostedes seguen adiante nisto, polo tanto é porque lles interesa. Non nos vale con tribunais de primeira instancia nas sete capitais galegas. Pidan as competencias.

➤ Dona Marta Freire Riobó fala de medias mentiras. Eu non defendo ao PSOE de Madrid. Iso foron declaracións, non presentou iniciativas, son do Sr. Gallardón. Pregunta en que data se instara a Xunta de Galicia por escrito. Nós desde maior de 2013 presentamos a iniciativa. Quere saber cando se presentou ese escrito.

➤ Rosa dille que son declaracións do Sr. presidente da Xunta. Non teño o informe. É o que din eles e o que se vai transmitir.

Sometida a proposta do BNG a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros/as que compoñen a Corporación, acorda:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle:

- c) A retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros que inclúe unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.
- d) O impulso dunha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e os municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.

2. Dirixirse ao Goberno galego a fin de reclamarlle:

- d) Que manifeste a súa rotunda oposición á implantación dos tribunais de instancia provinciais, á supresión dos partidos xudiciais nas vilas que son cabeceiras de comarca e que demande do Goberno do Estado español a súa retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial.
- e) Que inicie os trámites para a solicitude, consonte o disposto no artigo 20.2 do EAG, das competencias para demarcación e organización xudicial na Galiza.
- f) Que se cree un grupo de traballo para a definición dun modelo adecuado ás particularidades sociais, territoriais e demográficas da Galiza que conte con representación dos grupos parlamentares, dos concellos, das organizacións representativas de todos os operadores xudiciais que sirva como base para a negociación co Goberno do Estado español e que, cando menos, teña en conta os seguintes criterios: o respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía, todo iso con base nun modelo xudicial flexíbel, con criterios de funcionalidade e non orgánicos.

Sometida a proposta do PSOE a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros/as que compoñen a Corporación, acorda:

1º.- Rexeitar calquera medida de agrupación que supoña un prexuízo para a veciñanza de Moaña e a súa comarca, e que supoñan un afastamento dos servizos públicos que se presta á cidadanía.

2º.- Instar o Goberno de España á retirada do texto proposto da "ley de demarcación y Planta Judicial" e ao mantemento da actual distribución dos partidos xudiciais.

3º.- Instar o Goberno do Estado ao mantemento dos xulgados de paz dos municipios, recoñecendo a súa contribución a paz social e a boa convivencia veciñal.

4º.- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Xustiza, grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, presidente da Xunta de Galicia e ao presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial.

### **10º.- MOCIÓN CONTRA A APLICACIÓN DO 21% DO IVE AOS SERVIZOS DE PERRUQUERÍAS**

Dona María Dolores Miranda dá conta da moción presentada polo PS de Galicia-PSOE, rexistro de entrada número 2679, da data 21/04/2014, na que se pide que se reduza o IVE das perrucarías, pois os empresarios e empresarias deste sector din que a medida de aumentar o IVE foi traumática, e foron varias as perrucarías que pecharon e vaise á economía somerxida e redúcese o emprego ao pecharen os establecementos e crece a economía somerxida.

Desde a suba do IVE pecharon máis de 8000 locais e perdéronse uns 2000 postos de traballo. En Moaña varias perrucarías pecharon dende 2012; hai 36 perrucarías e 80 postos de traballo. E hai outros tantos postos ilegais na economía somerxida. As perrucarías antes tiñan o 10% de IVE. Agora que se dobrou a crise, débese reducir do 21 ao 10%.

A continuación le a proposta, que literalmente di:

**O Grupo Municipal Socialista** do Concello de Moaña, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a presente **MOCIÓN**, en base á seguinte:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*As perruquerías son, habitualmente, pequenos negocios formados por un autónomo e un ou dous empregados, estando o 85% deles rexentados por mulleres. Este sector agrupaba en España, no ano 2011, a 48.000 salóns, nos que, de forma directa, traballaban unhas 120.000 persoas.*

*A crise económica, que dende 2008 afecta á economía do noso País, sitúa a esta actividade do sector servizos nun punto de extrema dificultade debido, sobre todo, á baixada da afluencia de clientes e, por tanto, ó menor número de servizos realizados.*

*Como consecuencia de esta situación, moitos salóns víronse obrigados nese momento a realizar importantes axustes no seu nivel de prezos e, en consecuencia, nas súas marxes, co fin de frear a importante caída de clientes e intentar, como tantos sectores, seguir co negocio mantendo os postos de traballo.*

*En setembro do 2012 entrou en vigor unha nova medida tributaria, adoptada polo Goberno, consistente en incrementar o IVE a aboar por estes servizos do 8% (vixente ata o 31 de agosto do 2012) ó 21%.*

*A importantísima subida de 13 puntos representou para estes salóns o seu afundimento definitivo. Os motivos son claros:*

*Os salóns que trasladaron a subida, viron desaparecer gran parte dos seus clientes, que non estaban dispostos a pagar un incremento tan desmesurado nas tarifas de prezos, nunha época onde toda a economía estivo e está a rebaixalos.*

*Os salóns que non trasladaron a subida, sufriron fortes resultados negativos na súa recadación, véndose obrigados, en moitos casos, ó peche da actividade.*

*Dicir, a efectos aclaratorios, que a marxe media de beneficio dun salón é inferior ó 13%.*

*As cifras xerais son moi preocupantes. Durante 2013 cerráronse máis de 8.000 salóns en España e perdéronse 20.000 postos de traballo. As previsións para o 2014 apuntan a una nova perda de 5.600 empresas e a outros 14.000 empregos directos. En dous anos, este sector reduciuse nun 28% co*

consequente impacto colateral en outros sectores (empresas de subministracións de produtos, aparatoloxía, mobiliario, etc..) Mentres tanto, recentemente (xaneiro 2014), o Goberno anunciou a rebaixa impositiva do 21% au 10% nas transaccións de obxectos de arte e anticipa unha rebaixa do IVE cultural, como medida para incentivar o seu consumo aludindo a que é moi importante para a economía española.

Ó noso entender, o sector da perruquería non só é relevante dende o punto de vista numérico, que o é e moito, senón tamén dende o punto de vista social. Forma parte do tecido empresarial do país, é un sector de pequenos empresarios e emprendedores que manteñen, aínda hoxe, un número importante de empregos e que ademais, é dos pouco sectores que están rexentados por mulleres na súa practica totalidade.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Moaña somete á aprobación do Pleno municipal a seguinte proposta:

*UNICA.- O Concello de Moaña insta ó Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.*

*Moaña, 19 de abril 2014. Voceira do Grupo Municipal Socialista*

- Intervén dona Rosa Solla que di que están de acordo coa moción presentada e, ademais, propoñen que se incorpore o seguinte apartado, que literalmente di:

*ÚNICO: Instar o Goberno do Estado a que, dentro do marco da reforma do sistema fiscal e tributario, sexa estudado e valorado o uso intensivo da man de obra no sector das perrucarías na procura de satisfacer as peticións formuladas por este colectivo.*

Sometida a proposta a votación, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor, os do PP e os do e PS de G-PSOE e sete abstencións, as do BNG, acorda:

1. O Concello de Moaña insta o Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perrucaría, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.
2. Instar o Goberno do Estado a que, dentro do marco da reforma do sistema fiscal e tributario, sexa estudado e valorado o uso intensivo da man de obra no sector das perrucarías na procura de satisfacer as peticións formuladas por este colectivo.

## **11º.- ROGOS E PREGUNTAS**

- Dona Araceli Gestido intervén e di que quere aproveitar este pleno para denunciar a existencia dun problema de vertidos na Ameixoada, que é cada día máis grande, en sentido literal. Invito a todos os presentes a visitar a zona e comprobar a magnitude desta desfeita e que xustifica o miña preocupación.

Señor alcalde, cónstame que ten vostede coñecemento da enorme acumulación de terras que está levando a cabo a mesmísima Consellería de Medio Ambiente como titular dos terreos afectados. É vergonzoso que a propia administración encargada de velar pola saúde medioambiental do lugar estea poñendo en grave perigo a contorna. Por unha parte, é perigoso posto que o vertido alcanza unha altura susceptible de producir un corremento de terras, e en segundo lugar porque os sedimentos que están baixando ao río teñen o caudal completamente invadido, un dos lagos para regadío está cheo ata a beira de áridos. O curso do río desbórdase cada vez que chove anegando terreos de veciños así como parte do acceso ao corredor. No Concello de Cangas fixeron pública a súa desconformidade ante esta situación, pero no Concello de Moaña, principal afectado, no se oe ruído ningún a este respecto.

Estamos ante un delito medioambiental porque se están producindo vertidos ilegais e contaminación por áridos no curso do río Gres. Aínda que o Concello non é responsable destes amoreamentos, si é responsable da defensa dos terreos. A miña pregunta polo tanto é: ¿Qué está facendo o Concello en defensa do atropelo que sofre A Ameixoada por parte da propia Consellería de Medio Ambiente? ¿Que

datas deron dende a consellería para a retirada das terras? ¿Que máis medidas de presión ten pensado tomar este Concello se a consellería segue incumprindo a lei de modo tan flagrante?

O meu rogo será que se produza a limpeza inmediata do curso do río Gres. Á parte de todo isto, inclúo que o Concello presione ata conseguir unha compensación para o barrio por parte da consellería, posto que grazas a esta situación irregular está aforrando boa parte dos cartos que lles tería custado o amaño do corredor. O Concello ten que conseguir que se leve a cabo o proxecto de acondicionamento da senda do río Gres para uso e aproveitamento de toda a veciñanza da Ameixoadá e Moaña. Cónstame que o señor alcalde coñece ben este proxecto, posto que é unha vella débeda adquirida co barrio cando se construíu o viaduto. Despois de todo este despropósito, acábanselle as escusas á consellería e sería inescusable que o noso alcalde e veciño non aproveitase esta oportunidade para negociar con toda dureza.

➤ O Sr. Alcalde di que non negociamos coa consellería. Pedimos explicacións e foi a Policía Local. Dixeron que esas terras as van levar e deixarán a zona limpa para poñela en valor, levaron a terra para arriba. Non negociamos nada, pedimos que se poña en valor.

➤ Don José Barreiro Santomé indica que quere consultar o expediente do campo de fútbol do Casal. 8000 m2 de solo rústico, 7 metros e pico de altura. Varias actuación no Casal, o proxecto básico incluíu varias actuacións e hai informes técnicos e xurídicos. Informa e le a tramitación do expediente para o campo de fútbol do Casal (Moaña).

A min véndenme a 9€ m2 e pagáronse 36.000€. A oito propietarios pagóuselless. Tiñan que ver coa familia do concelleiro de Medio Ambiente de Moaña que hoxe está en Santiago. Non dá o nome dos familiares. O solo rústico valórase como núcleo. A familia dun concelleiro está involucrada en máis do 50% dos terreos e máis de 58.000€ netos e a empresa é do pai do secretario particular do Sr. Millán. O pobo debe saber como xestionan os políticos os nosos cartos.

➤ Don Francisco Ferreira sinala que no último pleno se presentou o proxecto da Seara e están preocupados e queren preguntar que xestión se fixo e en que situación se atopa o paseo da Seara.

➤ O Sr. Alcalde indica que se lle enviou un escrito á Xunta e a Portos sobre a situación. O 24 de marzo mandaron un convenio e mandámosllo para alá.

➤ Da Asociación A Chamusca din que agora pide un informe a Costas. ¿Ese informe existía?

➤ O Sr. Alcalde di que pedimos un informe a Costas para saber se se permite o voadado sobre o mar.

➤ Da Asociación A Chamusca sinalan que é unha obra moi necesaria e sae unha idea da asociación de veciños que pode ser factible. Vostede non nos deu a palabra.

➤ Intervén un veciño que di que vai saír na prensa e pedimos o que se acordou na nosa asemblea.

➤ O Sr. Alcalde respóndelle que se intentou, tes que entender que hoxe foi imposible a reunión. Presentade a proposta por se pode ser viable e se Costas e a Xunta a aproban. Queremos levar o proxecto adiante se Costas e a Xunta o permiten. Todo por enriba do mar non, dixeron que non. Onda o club de xubilados permítense e todas as ideas se a Xunta e Costas o autorizan. Se hai posibilidade, ben e se non iremos pola zona de tránsito. A min tamén me gustaba polo mar, pero dixéronnos que non. O que quero é que Moaña teña o paseo.

➤ Os veciños pedimos que se nos informe sobre o proxecto. Queremos ter unha reunión para explicarlles as ideas.

➤ Un veciño intervén para preguntar cómo teñen que dirixirse para conseguir arranxos en diversos lugares e barrios.

➤ O Sr. Alcalde indícalle que os 2º xoves de mes facemos as reunións cos colectivos, e vostede viña antes e deixou de vir. Non pode dicir que non sabe porque vostede antes viña. Os martes e os xoves está a concelleira de Servizos para atender.

➤ Don Francisco Ferreira sinala que non debe inventar. Hai un regulamento de participación.

➤ O Sr. Alcalde pídlle que acuda ás reunións.

➤ Don Francisco Ferreira dille que a min non me pode obrigar, ten un regulamento, e do contrario está vostede delinquindo.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 23.15 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE  
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Ferverza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García